



PRIMEIRA PROBA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE MONITOR SOCIOCULTURAL. GRUPO LABORAL III.

A proba consiste na realización dun cuestionario de 20 preguntas tipo test con tres alternativas de resposta cada una. Solo una opción é a correcta. De ser varias posibles considerarase como correcta a más completa. Preséntanse tres preguntas de reserva que deberán ser contestadas. Rodearase a resposta correcta cun círculo. Se se equivoca, tache cunha cruz e rodee de novo a opción que considere correcta.



1.- As ofertas e actividades do campo da animación....

- a) Círcunscríbense a un público determinado.
- b) Un programa de animación está abierto a todas e todos.
- c) De ordinario un programa de animación está abierto a todas e todos, pero as ofertas e actividades concretas circunscríbense a un determinado público, sendo común facer ofertas que teñen en conta as diferentes idades, de ahí que se organicen programas destinados a infancia, mozas e mozos, adultos ou terceira idade.

2.- Son técnicas para fomentar a participación as seguintes :

- a) Ciclón de ideas.
- b) Phillips.
- c) Phillips 6/6.

3.- Unha das definicións más populares e con maior aceptación acerca da animación sociocultural di que ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL é:

- a) Un conxunto de técnicas sociais que, baseadas nunha pedagogía participativa, ten por finalidade promover prácticas e actividades voluntarias que coa participación activa das persoas, desenvólvese no seo dun grupo ou comunidade determinada, e maniféstase nos diferentes ámbitos das actividades socioculturais que procuran o desenvolvemento da calidade de vida.
- b) Un conxunto de técnicas que ten por finalidade promover prácticas e actividades coa participación activa das persoas, que, a título propio e persoal, procuran o desenvolvemento dunha maior riqueza económica para unha mellor calidade de vida.
- c) Un conxunto de técnicas sociais que, baseadas nunha pedagogía activa e participativa, ten por finalidade promover prácticas e actividades de educación formal no seo dun grupo ou comunidade na procura dunha mellor calidade de vida.



4.- Algúns proxectos culturais que se desenvolveron ao longo do ano 2022 no Concello de Valdoviño foron:

- a) "Música para pequeños", "Conta conmigo", "Rutas pola contorna"...
- b) "Programa cultural mensual", "Domingos a escena", "Noite de bolos"...
- c) "Son de Aquí e Escribo", "Foro Galego Literario", "Andada A Santo André de Teixido" "Escenarios Paralelos" ...

5.- Nun proxecto de animación sociocultural para a mocidade é fundamental ...

- a) Coñecer ben a contorna onde se desenvolve a mocidade e levar os recursos a mozas e mozos ao seu territorio.
- b) O atractivo da proposta e un orzamento elevado, con independencia da implicación da mocidade e dos seus intereses.
- c) Todas son correctas.



6.- Se falamos de Políticas Culturais, hai dous conceptos básicos e complementarios que hai que ter en conta , a democracia cultural e a democratización cultural ; a DEMOCRACIA CULTURAL entende a cultura como :

- a) un ben colectivo que hai que poñer ao alcance do maior número posible de persoas creando demanda cultural entre a poboación e ofertando produtos culturais para o seu disfrute e ampliando e optimizando o patrimonio cultural ; o cidadán como receptor da cultura que é interpretada como un ben para consumir.
- b) a práctica social na que se promove a participación dos cidadáns como protagonistas da creación da cultura partindo dos seus propios intereses e necesidades para procurar a maior participación cidadá. Pretende estimular a creatividade e expresión cultural de todos os colectivos e compatir responsabilidades coa administración pública ; ten en conta o pluralismo e a interculturalidade. A animación sociocultural identifícase coa Democracia Cultural e a Democracia Cultural fai posible una sociedade más integradora co cultura accesible todos os cidadáns.
- c) ninguna é certa.

7.- A técnica DAFO de análise da realidade analiza:

- a) Fortalezas, Ameazas e Debilidades en relación a factores internos e externos da comunidade.
- b) Debilidades e Fortalezas en relación á situación interna da comunidade e Ameazas e Oportunidades en relación á situación externa da comunidade.
- c) DAFO non é una ferramenta de análise.



8.- Cal é a secuencia correcta ?

- a) Un PLAN implántase a través de distintos PROXECTOS e cada proxecto implica a posta en marcha de diferentes PROGRAMAS.
- b) Un PLAN implántase a través de distintos PROGRAMAS e cada programa implica a posta en marcha de diferentes PROXECTOS.
- c) Un PROGRAMA implantase trazando diversos PLANES que forman parte dun PROXECTO.

9) A Casa da Cultura do Concello de Valdoviño

- a) É una obra do arquitecto Manuel Gallego Jorreto, quen foi Premio Nacional de Arquitectura no ano 2008. Foi inaugurada no ano 1993.
- b) É una obra do arquitecto Manuel Gallego Jorreto, quen gañou o Premio Nacional de Arquitectura no ano 1997 polo Museo de Belas Artes da Coruña e a quen se lle concedeu novamente no ano 2018 por toda a sua obra . A Casa da Cultura de Valdoviño foi inaugurada no ano 1994.
- c) É una obra que foi Premio Nacional de Arquitectura no ano 1997. Foi inaugurada no ano 1996.

10.- Se se toma a decisión de realizar un programa de animación

- a)Non importan cales son os destinatarios. Unha vez feito o programa, difundese e se vaise refacendo en función dos potenciais interesados.
- b)Hai que ter en conta cales son os destinatarios específicos, pois esta especificidad require de estratexias, accións e tratamento diferenciados
- c)Solamente precisamos ter en conta se son potenciais destinatarios en idade infantil ou adulta.



11.- Forman parte dun PROXECTO de animación sociocultural entre outros:

- a) A análise da realidade, a denominación ou título, a fundamentación, a finalidade, as persoas destinatarias, a metodoloxía, as actividades, os recursos humanos, os recursos materiais, os recursos económicos e a conclusión, pero non a avaliación.
- b) O título, a finalidade, as persoas destinatarias, a metodoloxía, as actividades, os recursos humanos, os recursos económicos a avaliación e o contexto educativo.
- c) A análise da realidade, a denominación ou título, a fundamentación, a finalidade, as persoas destinatarias, a metodoloxía, as actividades, os recursos humanos, os recursos materiais, os recursos económicos e a avaliación.

12.- No marco do Desenvolvimento Comunitario

- a) O profesional traballa pola comunidade, pero dende a propia comunidade, como un membro activo dentro da mesma.
- b) Non se traballa para transformar as condicións sociais dunha comunidade.
- c) A metodoloxía empregada non ten que ver coa realidade que sustenta a comunidade.

13.- O Concello de Valdoviño

- a)Limita ao norte con Cedeira,ao sur con Narón, ao oeste con Cerdido e San Sadurniño e ao leste co Océano Atlántico. As parroquias do Concello son : Lago, Loira, Meirás,Pantín, Sequeiro, Valdoviño, Vilaboa e Vilarrube.
- b)Limita ao norte con Cedeira,ao sur con Narón, ao leste con Cerdido e San Sadurniño e ao oeste co Océano Atlántico. As parroquias do Concello son : Lago, Loira, Meirás,Pantín, Sequeiro, Valdoviño, Vilaboa e Vilarrube.
- c) Limita ao norte con Cedeira,ao sur con Narón, ao leste con Cerdido e San Sadurniño e ao oeste co Océano Atlántico. As parroquias do Concello son : Lago, Loira, Meirás,Pantín, Lourido, Valdoviño, Aviño e Vilarrube



14. Na técnica de Discusión Dirixida

- a) Intercámbianse ideas entre varios participantes que previamente traballaron nun tema que pode ser analizado dende distintas posicións. Grupo máximo 25 persoas.
- b) O grupo participante estuda un tema, sobre o que ten que investigar sen ter recibido información anterior e presenta ao final un informe conxunto. Mínimo estimado 5 persoas, máximo estimado 12 persoas.
- c) A discusión dirixida non é una técnica de traballo en grupo para fomentar a participación.

15) En comparación coa Democracia Cultural, a Democratización Cultural ...

- a) non ten en conta as diferencias sociais e económicas, pero sí considera as diferencias de educación recibidas e o lugar no que se habita e política e cultura van unidas.
- b) ten en conta as as diferencias sociais e económicas, o pluralismo , a interculturalidade , as diferencias de educación e o lugar no que se habita.
- c) non ten en conta as diferencias sociais e económicas, nin o pluralismo nin a interculturalidade pois política e cultura van por separado.

16.-As tarefas que se poden desenvolver no campo da animación sociocultural veñen determinadas non tanto polo que se fai senón pola maneira en que se fai esa tarefa , logo, un animador sociocultural podería realizar accións socio-educativas e culturais tales como:

- a) Dinamizar grupos e facer difusión cultural en museos e bibliotecas.
- b)Realizar actividades sociais que favorezan a vida asociativa e a atención a necesidades de grupos determinados.
- c)Todas son correctas.



17.- Dentro da amplia gama de actividades de animación sociocultural, é posible distinguir diferentes modalidades de actuación do animador, así, atendendo ao sector no que se enfatiza a acción podemos distinguir as seguintes modalidades :

- a) Profesional e voluntaria.
- b) Cultural , socioeducativo e social.
- c) Centrado no contido, no grupo ou na actividade.

18.- Tendo en conta as acepcións de autores como Ander-Egg , Marco Marchioni e outros algún dos rasgos que mellor defines o Desenvolvemento Comunitario son :

- a) O Desenvolvemento Comunitario é un proceso educativo destinado a lograr cambios cualitativos nas actitudes e comportamentos da poboación.
- b) No Desenvolvemento Comunitario debe haber participación voluntaria, consciente e responsable dos individuos na resolución dos seus propios problemas.
- c) As duas son certas.

19.- A animación sociocultural na terceira idade...

- a) Busca manter e/ou mellorar a calidade de vida das persoas maiores na procura do seu benestar físico, psíquico e social.
- b) Non é una opción a barallar na sociedade actual.
- c) Busca manter e/ou mellorar a calidade de vida das persoas maiores que están en risco de dependencia, soledade, abandono ou maltrato.



20.-A Casa da Cultura do Concello de Valdoviño dispón dos seguintes espazos que albergan diferentes servizos da área de cultura

- a) Biblioteca Municipal, Museo do Surf, Sala de Exposicións e Auditorio.
- b) Biblioteca Municipal, Museo do Surf, Sala de Exposicións, Auditorio e Radio Municipal.
- c) Auditorio, Sala de Usos Múltiples, Museo do Surf e oficinas.

21.- O proxecto “COOKBOOK DO PATRIMONIO DE VALDOVIÑO” foi seleccionado para forma parte do programa do CULTURGAL no ano

- a) No ano 2016.
- b) No ano 2017.
- c)Presentouse pero non foi seleccionado

22.-Para ser animador sociocultural :

- a)As cualidades personais (empatía, solidariedade, compromiso,...) son tanto ou más importantes que os coñecimentos.
- b)Calquera persoa pode ser animador sociocultural, con independencia das suas cualidades persoais.
- c) a) e b) son falsas.

23.- No Concello de Valdoviño estanse a usar como espazos culturais para o desenvolvimento da programación cultural e das escolas da área de cultura:

- a) O auditorio do CPI de Atios .
- b) A Casa da Cultura, o local da AA.VV de Sequeiro para a Escola de Música e o antigo palco da festa de Loira (hoxe local social) como aula de Artes Plásticas entre outros.
- c) Os locais socioculturais das diferentes parroquias.

